



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se procede á adxudicación definitiva do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente

Mediante Orde do 4 de abril de 2018 convocouse concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización ao alumnado de atención preferente (DOG núm. 77, do 20 de abril), modificada pola Orde do 26 de abril de 2018 (DOG núm. 85, do 3 de maio).

Consideradas as renuncias e as reclamacións á resolución provisional e, de conformidade co artigo sétimo da Orde do 4 de abril de 2018, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Publicar no anexo I desta resolución a adxudicación definitiva dos postos obtidos no concurso de méritos específico convocado pola referida orde.

Segundo. Publicar no anexo II o baremo definitivo das persoas participantes no concurso de méritos específico agás o das persoas excluídas definitivamente deste que se publican no anexo III xunto coas causas de exclusión.

Terceiro. De conformidade co disposto no artigo oitavo da orde, as persoas seleccionadas deberán incorporarse ás prazas obtidas con data do 1 de setembro de 2018 e cesarán no seu destino de orixe o 31 de agosto do mesmo ano.

Cuarto. As prazas adxudicaranse en réxime de comisión de servizos e con reserva do posto de traballo de orixe, por un período dun ano prorrogable ata que o alumno finalice a etapa educativa que cursa e como máximo por un período que, incluída a comisión de servizos inicial e as eventuais prórrogas, non poderá superar os 6 anos de duración. A prórroga esixirá petición da persoa interesada e o informe favorable do equipo de orientación específico.

Quinto. Contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular con carácter potestativo un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso administrativo que resulte competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Centros e Recursos Humanos
Por suplencia (Resolución do 16.07.2018)
Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

INSÍRASE NO DOG

